



# **PROXECTO LINGÜÍSTICO**

**CEIP TARRÍO-CULLEREDO**

**MAIO 2021**

# **PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO**

Decreto 79/2010, do 20 de maio. Art.14.1

- 1. MARCO LEGAL**
  
- 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.**
  
- 3. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA NO CENTRO.**
  - 3.1. OBXECTIVOS XERAIS**
  - 3.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN**
  
- 4. PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA EN E. INFANTIL E E. PRIMARIA**
  - 4.1. EDUCACIÓN INFANTIL**
    - 4.1.1. LINGUA NA QUE SE IMPARTIRÁ A EDUCACIÓN INFANTIL**
    - 4.1.2. ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA DE FORMA ORAL E ESCRITA O COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS.**
  - 4.2. EDUCACIÓN PRIMARIA**
    - 4.2.1. LINGUA NA QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
    - 4.2.2. MEDIDAS PARA A ALUMNADO SEN SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS**
  
- 5. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS**
  
- 6. AVALIACIÓN**
  - 6.1. AVALIACIÓN DO PROXECTO**
  - 6.2. ADDENDA ANUAL**

## 1. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tengo como principais referentes legais os que seguen:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Infantil da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

## 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

### 2.1. Introducción

Os datos que se reflicten nos seguintes cadros non son produto dun traballo de investigación exhaustivo a base de cuestionarios ou enquisas. Descartamos esa metodoloxía por dúas razóns:

- Todo o referido a aspectos administrativos e de relación entre os membros da comunidade educativa evidénciase xa nos propios documentos e na práctica da observación diaria, sendo abrumadores os indicativos da situación que se reflexa.
- En canto ós alumnos xa no impreso de inscrición, solícitase a consignación da lingua materna do alumno e corrobórase na entrevista inicial.

### 2.2. No ámbito administrativo:

Aspectos visuais:	galego
Documentos administrativos e de xestión:	galego
Memoria do centro:	galego
Currículum do centro:	galego
NOFC:	galego
PEC:	galego

## 2.3. No ámbito de relación

- **Lingua de comunicación oral do profesorado:**

Co alumnado	50% - 50%
Entre o profesorado	50% - 50%
Na actividade profesional	50% - 50%
  
- **Lingua de comunicación do alumnado:**

Co profesorado	Castelán
Entre o alumnado	Castelán
No labor diario da clase	Castelán
  
- **Lingua de comunicación do Persoal non docente:** Galego
- **Lingua de relación escrita:** Galego
- **Lingua de comunicación da ANPA:** Galego
- **Lingua de comunicación en reunións formais:** Galego

## 2.4. No ámbito pedagógico: Competencia lingüística dos alumnos/as:

O noso centro está situado en Culleredo, concello limítrofe co de A Coruña. En Culleredo pódense distinguir dúas zonas: Unha zona urbana, en continuo crecemento e cunha grandísima densidade de poboación e que comprende as parroquias de O Burgo, Rutis e Almeiras –que son as máis próximas ó concello de A Coruña- e, unha zona rural cunha densidade de poboación máis baixa que comprende as parroquias de Castelo, Celas, Ledoño, Orro, Sésamo, Sueiro, Veiga e Tarrío.

Aínda que a zona de escolarización deste centro coincide basicamente coa zona rural, nos últimos tempos e, por mor do crecemento da poboación escolar na zona máis urbana, estase a producir un incremento de matrícula desa procedencia.

O alumnado procedente da zona periurbana está instalado no castelán.

O procedente da zona rural, aínda que no seu entorno a lingua vehicular sexa o galego, emprega como lingua habitual de comunicación, o castelán.

O produto desta situación, e que se detecta na práctica diaria curso tras curso, é que a competencia lingüística do noso alumnado en castelán é moi boa, mentras que en galego quizás conveña diferenciar entre competencia oral e escrita, xa que a primeira é moi superior á segunda.

Compre reseñar que desde que somos centro plurilingüe, a competencia do noso alumnado en inglés está a percibirse moi mellorada, xa que empregan esta lingua como vehicular e contextualizada na área de plástica, ademais das preceptivas do idioma estranxeiro nos currículos de E. Infantil e E. Primaria.

### 3. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA NO CENTRO.

#### 3.1. OBXECTIVOS XERAIS

1. Potenciar o uso da lingua galega en todas as actividades do Centro.
2. Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte dos distintos integrantes da comunidade educativa.
3. Mellorar progresivamente a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

#### 3.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN

1. POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA EN TODAS AS ACTIVIDADES DO CENTRO

- 1.1. **Utilizar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións do centro, de carácter oficial, tanto internas como externas.**

MEDIDAS	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• A lingua oficial do centro é o galego e, polo tanto, todas as comunicacións oficiais serán nesta lingua:               <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Asunción da lingua galega como lingua oficial do centro, coidando que a vida administrativa e as relacións coa comunidade educativa e outros organismos sexan en galego.</li> <li>▪ Coidar de que a documentación do centro, comunicacións, avisos, actas, programacións do Equipo Directivo, Consello Escolar... estean escritas en galego.</li> <li>▪ Coidar de que todos os impresos de matrícula, informacións ás familias, documentación administrativa dos alumnos, rótulos do centro... estean escritos en galego.</li> <li>▪ Coidar de que as comunicacións de titores ou profesores aos alumnos para convocalos a reunións, avisos particulares... estean escritos en galego.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Órganos de goberno e de coordinación docente.</li> <li>• Profesorado</li> <li>• Actas e documentos oficiais.</li> <li>• Programacións didácticas.</li> <li>• Circulares e taboleiros informativos.</li> <li>• Cadernos de pais e nais</li> <li>• Cadernos dos nenos</li> </ul>
TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<p>Durante todo o curso escolar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O Claustro e o Consello Escolar farán unha valoración cualitativa para reflexar na Memoria Anual.</li> </ul>

**1.2. Utilizar, progresivamente a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións internas e externas do centro que non teñan carácter oficial.**

<b>MEDIDAS</b>	<b>RECURSOS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Favorecer e potenciar o uso do galego en todo tipo de actividades, concursos... que se organicen no centro.</li> <li>• Potenciar o uso do galego nas interrelacións do centro: comunicados orais, ordes colectivas...</li> <li>• Potenciar que o galego sexa a lingua de uso espontáneo entre a comunidade escolar.</li> <li>• Animar ós alumnos para que entre eles usen o galego como lingua de comunicación.</li> <li>• Procurar que as comunicacións da ANPA sexan sempre en galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Edición de materiais que fomenten o uso do galego na vida cotiá: 'Decálogo en defensa do galego'.</li> <li>• Campañas de animación a falar en galego.</li> <li>• Plans do EDLG</li> <li>• Biblioteca do Centro.</li> <li>• Agasallos dos distintos concursos que se organicen.</li> </ul>
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN</b>
Durante todo o curso escolar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O EDLG, que tratará de coordinar as distintas iniciativas do centro.</li> </ul>

**2. VALORACIÓN POSITIVA DO USO DA LINGUA GALEGA POR PARTE DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

**2.1. Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte dos distintos integrantes da comunidade educativa.**

<b>MEDIDAS</b>	<b>RECURSOS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego do galego como lingua vehicular nas relacións de carácter oficial e non oficial.</li> <li>• Rotulación do centro en galego</li> <li>• Elaboración do xornal escolar en galego coa participación de toda a comunidade educativa.</li> <li>• Colaboración dos pais no ensino, expoñendo en galego os aspectos máis salientables da súas profesións.</li> <li>• Potenciación do coñecemento biográfico e literario dos grandes autores galegos a través da súa lectura e representación dramática das súas obras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Biblioteca:             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Velará pola dotación de fondos suficientes sobre aspectos relacionados coa cultura galega e pola súa difusión.</li> <li>▪ Detectar as necesidades e intereses para propoñer as respostas máis axeitadas.</li> <li>▪ Dentro das campañas de animación á lectura, procurar que algunhas actividades estean destinadas a potenciar a presenza da realidade galega.</li> </ul> </li> <li>• EDLG:</li> </ul>

## CEIP TARRÍO-CULLEREDO

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar libros en lingua galega para agasallar ós alumnos premiados nas diferentes actividades organizados no colexio.</li> <li>• Fomentar a publicación de traballos en lingua galega do alumnado e a súa distribución máis alá da propia comunidade educativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Diseñar estratexias de actuación que contribúan á mellora da situación lingüística do centro. Campañas de animación a falar en galego.</li> <li>▪ ‘A nosa aula ten o nome dun galego: coñezámolo’</li> <li>▪ Ofrecer asesoramento lingüístico.</li> <li>▪ Propoñer material didáctico en galego, adquiríndoo se fose necesario.</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización e difusión das actividades que teñan como obxectivo a promoción e coñecemento da realidade galega:             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dotar e adaptar os espazos e medios necesarios.</li> <li>▪ Darlle publicidade.</li> </ul> </li> </ul>
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN</b>
Ó longo do curso.	Seguimento cualitativo por parte dos equipos didácticos e órganos de goberno do centro.

### 3. MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

#### 3.1. Mellorar progresivamente a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

<b>MEDIDAS</b>	<b>RECURSOS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• PAIS:             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Celebrar Encontros cos pais e nais</li> <li>○ Promover cursos de formación</li> <li>○ Lecturas e comentario de obras de autores galegos.</li> <li>○ Colaboracións no xornal escolar</li> </ul> </li> <li>• PROFESORADO:             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Promover proxectos de formación, grupos de traballo...</li> <li>○ Facilitar a participación en cursos, xornadas, encontros... relacionados coa lingua galega.</li> </ul> </li> <li>• PAS:             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Promover cursos de formación.</li> </ul> </li> <li>• ALUMNADO:             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Realizar actividades de expresión dramática.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Departamento de Orientación.</li> <li>▪ Biblioteca.</li> <li>▪ EDLG.</li> <li>▪ Departamento de actividades complementarias e extraescolares.</li>   <li>▪ CEFORE</li> <li>▪ Dinamización Lingüística.</li>   <li>▪ Xornal escolar.</li> <li>▪ Edición de materiais.</li> </ul>
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN</b>
Ó longo do curso.	Seguimento cualitativo por parte dos equipos didácticos e órganos de goberno do centro.

## **4. PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA EN E. INFANTIL E E. PRIMARIA**

Os obxectivos que se pretenden con esta planificación son os seguintes:

- Acadar, ó remate da E. Primaria, unha equiparación competencial nas dúas linguas (galego-castelán).
- Establecer a lingua vehicular nos ciclos e áreas das etapas de E. Infantil e E. Primaria.

### **4.1. EDUCACIÓN INFANTIL**

#### **4.1.1. LINGUA NA QUE SE IMPARTIRÁ A EDUCACIÓN INFANTIL**

- De conformidade coa normativa vixente, o profesorado de Educación Infantil usará na aula a lingua materna predominante, que será determinada de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará ás familias do alumnado antes do comezo do curso escolar acerca da súa lingua materna.
- Na programación didáctica deste ciclo contemplaranse momentos, estratexias e actividades para procurar que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia.

#### **4.1.2. ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA DE FORMA ORAL E ESCRITA O COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS.**

Aínda que o ensino realizarase na lingua materna da maioría do alumnado, procurarase que os alumnos e alumnas adquiren o coñecemento da outra lingua dentro dos límites desta etapa e ciclo.

Na procura dese obxectivo e co de familiarizar ao alumnado co uso do galego como lingua de expresión común, programaranse distintas actividades para que o alumnado sexa competente na outra lingua de Galicia:

- Rotulación nas aulas (carteis, etiquetas, calendarios...) nas dúas linguas oficiais.
- Traballo con diferentes tipos de textos nas dúas linguas, tanto na oral como na escrita: literarios, divulgativos, instructivos e receitas...
- Establecer momentos na xornada lectiva para introducir a 2ª lingua: rutinas e asemblea diaria.
- Ao comezo de cada curso, de común acordo cos especialistas que incidan no ciclo, estableceranse determinadas sesións para a introducción da 2ª lingua.



- Programar actividades contextualizadas nas que se traballarán as diferentes celebracións e conmemoracións de Galicia como son: Samaín, Magosto, Entroido, semana da poesía, letras galegas...

## 4.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

### 4.2.1. LINGUA NA QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Tendo en conta a normativa ao respecto así como a realidade do centro, establécense as linguas das áreas curriculares conforme ao seguinte cuadro:

	1º			2º			3º			4º			5º			6º		
	gal	cast	ing	gal	cast	ing	gal	cast	ing	gal	cast	ing	gal	cast	ing	gal	cast	ing
L.Galega	4	0	0	4	0	0	4	0	0	4	0	0	4	0	0	3	0	0
L.Castelán	0	4	0	0	4	0	0	4	0	0	4	0	0	4	0	0	3	0
Inglés	0	0	2	0	0	2	0	0	3	0	0	3	0	0	3	0	0	3
Música	0	1	0	0	1	0	0	1	0	0	1	0	0	1	0	0	1	0
Plástica	0	0	1	0	0	1	0	0	1	0	0	1	0	0	1	0	0	1
E. F.	2	0	0	2	0	0	2	0	0	2	0	0	2	0	0	2	0	0
Matemáticas	0	5	0	0	5	0	0	4	0	0	4	0	0	5	0	0	5	0
Ciencias Sociais	3	0	0	2	0	0	3	0	0	2	0	0	2	0	0	3	0	0
Ciencias da Natureza	2	0	0	2	0	0	2	0	0	2	0	0	2	0	0	2	0	0
Relixión/Valores S. e C.	0	1	0	0	2	0	0	1	0	0	1	0	0	1	0	0	1	0
Libre Configuración	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0	0
<b>TOTAIS</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>3</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>3</b>	<b>11</b>	<b>10</b>	<b>4</b>	<b>11</b>	<b>10</b>	<b>4</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	<b>4</b>	<b>11</b>	<b>10</b>	<b>4</b>

## **4.2.2. MEDIDAS PARA O ALUMNADO SEN SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS**

As medidas de atención educativa, tanto organizativas como curriculares, ao alumnado con necesidades educativas, contéplase no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro: reforzo educativo, adaptacións curriculares, apoio específico (PT/AL), agrupamentos flexibles...

No caso do alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento dos idiomas propios de Galicia, poderá integrarse nun grupo de adquisición de linguas, aplicándolle o recollido na Orde de 20 de febreiro de 2004 (DOG 26-02)

## **5. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS**

Segundo o Decreto 79/2010, as programación e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

## **6. AVALIACIÓN**

### **6.1. DO PROXECTO**

De acordo co artigo 14º do Decreto 79/2010, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar. Previamente, realizaremos unha valoración deste na Comisión de Coordinación Pedagóxica e Claustro de profesorado.

### **6.2. ADDENDA ANUAL**

Ao inicio de cada curso, de conformidade co artigo 14.4 do Decreto 79/2010, redactarase unha addenda que contemplará os seguintes puntos:

- Educación Infantil:
  - Resultado da pregunta ás familias respecto da lingua predominante entre o alumnado de E. Infantil. (3 anos)
  - Actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento das linguas oficiais.
- Modificacións respecto ao proxecto lingüístico (materias en linguas estranxeiras e outros cambios autorizados no centro)
- Dinamización da lingua galega no centro:
  - Valoración das actividades do curso anterior
  - Propostas de actuación para o curso actual